

✚ Curtas de animación MICE Petís. Para Infantil

Selección de filmes feita por Marcos Nine, director de [Cinema Crianza](#), para o programa MICE Petís, onde o alumnado poderá achegarse a historias que mostran os saberes, a idiosincrasia e a maneira de entender o mundo doutras culturas. [Podedes velas nesta ligazón.](#)



- *Xiao ke dou zhao ma ma* [‘Onde estás mamá?’], Te Wei, 1960 (a partir de 2 anos). VOS.
- *Mu di* [‘A flauta do neno búfalo’], Te Wei codirixida con Qian Jianjun, 1963 (a partir de 2 anos). VOS.
- *Yu bang xiang zheng* [‘A loita entre a garza e a ameixa’], de Hu Jinqing, 1983 (a partir de 2 anos). VOS.
- *Calipg stork* [‘O Califa cigoña’], Lotte Reiniger, unha das pioneiras do cinema de animación, 1929 (a partir de 3 anos). VOS.
- *A fruta máxica*, Valeriy Ugarov, 1995 (a partir de 5 anos). VOS.
- *Les trois inventeurs*, Michel Ocelot, 1980 (a partir de 6 anos). VOS.

✚ Obradoiro precine. Para infantil e Primeiro Ciclo de Primaria.

Obradoiro en liña onde, da man da [Asociación Espacio Rojo](#), aprenderemos a crear xoguetes ópticos e zoótopos. [Aquí accededes a el.](#)

✚ Guía de estimulación cognitiva baseada no Folclore (Baile, Música, Oralidade e Celebracións). Para Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria.

Fichas de exercicios baseadas no folclore e patrimonio inmaterial para estimular cognitivamente a persoas en envellecemento activo, mais útil e apta para traballar no centro con alumnado de Infantil e, principalmente, 1º, 2º e 3º de Primaria.

6 ORGANIZACIÓN DA GUÍA
6.4 TÁBOAS ASOCIATIVAS ENTRE RECURSOS E FUNCIÓNS COGNITIVAS

	BAILE								MÚSICA							
	Cálculo	Memoria	Praxia	Gnosia	Linguaxe	Orientación	Atención	Func. executivas	Cálculo	Memoria	Praxia	Gnosia	Linguaxe	Orientación	Atención	Func. executivas
EXERCICIO 1		S	P	S	S	S	S			S			S	P	S	
EXERCICIO 2	P	S	P	S	S	S	S			P		P	S		S	
EXERCICIO 3	P	S				S	P	S	S	S	P	P	S		S	
EXERCICIO 4		P								P	S		P	S		S
EXERCICIO 5			P							P	P		S		S	S
EXERCICIO 6			P							P			S		S	

Nesta guía ides poder descargar exercicios que ofrecen materiais como [adiviñas](#), [láminas para colorear](#), [refrás](#), [trabalinguas](#), cancións ou xogos bailados.

Cada exercicio ten materiais complementarios que poderedes descargar, para que a súa execución sexa o máis doada posible.

[Descargar Guía aquí.](#)

✚ **Caderniños Didácticos. Todo o tramo escolar (Infantil- Bacharelato).**

Un serie de monografías das que poderedes obter máis información sobre:

[As embarcacións tradicionais](#)

[O Medio Mariño](#)

[A Cantería](#)

[O Entroido](#)


[A música](#)

[A Indumentaria](#)

[O Pan](#)

[O viño](#)

[Xaquín Lorenzo "Xocas"](#)



Alguns destes cadernos, teñen propostas de traballo desde Infantil ata Bacharelato para afondar máis sobre os seus contidos. É o caso de:

[Tecido](#)

[Olería](#)

[Xogos](#)

[Muíños](#)

[Antonio Fraguas](#)

✚ **Maletas didácticas. Para Primaria.**

O Pan: materiais en pequena escala que fan referencia ao cultivo de cereais en Galicia e a importancia deste produto na dieta ou á incidencia na arquitectura popular específica asociada, como os hórreos ou os fornos.

Podemos facérvola chegar a través do servizo postal como envío a portes debidos.

Guía de Contidos. Para Secundaria e Bacharelato.

Información sobre os contidos do Museo organizada en bloques temáticos para Secundaria e Bacharelato.

Os temas que podedes tratar son:

[Historia e Arte de Bonaval](#)

[Sistemas de Producción \(Mar e Campo\)](#)

[Oficios Tradicionais](#)

[Espazo Construído](#)

[Sociedade](#)

[Propostas didácticas](#). Cada bloque conta con propostas para poder afondar máis sobre os seus contidos.

Proposta de traballos temáticos. Para Secundaria

Facemos un par de propostas relacionadas co patrimonio etnográfico como posible punto de partida para un traballo de investigación na aula. O Museo ofrécese como un recurso máis dentro destes proxectos que pode subministrar documentación e materiais.

[O Folclore Musical](#)

[O Monte](#)

Fondo MICE- Mostra Internacional de Cinema Etnográfico- Museo do Pobo Galego. Para Bacharelato e Ciclos Formativos

Filmes que formaron parte da Mostra de Cine Etnográfico organizada no Museo desde 2005 que tratan sobre tradicións culturais en diferentes lugares do mundo, así como hábitos e costumes actuais estudadas desde a antropoloxía visual, expondo temas sobre ecoloxía, igualdade de xénero, abandono do rural, novas costumes en ambientes urbanos, etc.

Podedes consultalo [pinchando aquí](#).

A maioría destes filmes témolos en formato físico DVD. Podemos facérvolo chegar a través do servizo postal como envío a portes debidos.



Recollas de historias de vida a través dos Café da Memoria.
Para Bacharelato e Ciclos Formativos

Os "Cafés da Memoria" son encontros cos nosos e as nosas maiores para recoller e tratar a historia recente desde a experiencia das persoas que a protagonizaron.

A maioría destes "cafés" teñen como protagonistas ás mulleres e tratan temas como: o traballo nas conserveiras, o oficio de costureiras, o oficio de mestras e o sistema educativo, o traballo nas explotacións agrícolas ou en casa allea como criadas.

[Podedes visualizalos desde a nosa canle de Vimeo.](#)

gandeiras
Café da Memoria

Xoves 17 de novembro de 2016
18h30
Museo do Pobo Galego

Máis información:
Educación Acción Cultural
Museo do Pobo Galego
981 581 433 www.museopobogalego.gal
Museo do Pobo Galego

Considerado como unha extensión das tarefas domésticas e de coidados, o papel activo das mulleres no sector agrario trabállase nun rotación laboral diferenciado máis pola relación familiar que resulta co titular da explotación que polo traballo desempeñado na mesma. A titularidade das explotacións agrarias representa un aspecto esencial para o recoñecemento dos dereitos ligados á actividade profesional, porén é escaso o número de mulleres titulares ou cotitulares. Para falar en primeira persoa, destas e outras cuestións que veñen afectando historicamente ás mulleres, compartimos café con Pilar Camba Carri, Olimpia Herólez e Pilar Gormaz Souta. Este café non sería posible sen o traballo de Lara Barros Alfaro, MaDo Innovación Social, S.Coop Galego e a colaboración de Simóns Lebeaga.

MOS
MUSEO DO POBO GALEGO



Museo do Pobo Galego

